

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE FENE REALIZADA O DÍA DOCE DE MAIO DE DOUS MIL DEZ

Na vila de Fene, no salón de Plenos do Concello, sendo as 10:00 horas do día doce de maio de dous mil dez, baixo a presidencia do alcalde-presidente **D. Iván Puentes Rivera** reuniuse, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello de Fene ós efectos de realizar a sesión **extraordinaria e urxente** convocada para o día da data.

Concelleiros asistentes:

D. Iván Puentes Rivera
D. José Antonio López Rodríguez
D^a María del Carmen Silvar Canosa
D. Juan Manuel Lourido González
D^a Amalia García Balado
D. Manuel Ángel Rodríguez Carballeira
D^a Rocío Rey Sampayo
D^a Rita María Couto Seijido
D^a Inés Roca Requeijo
D. Manuel Vicente Pico Sanmartín
D. Manuel Polo Gundín
D. Edgar Antonio Vigo López
D. Gumersindo Pedro Galego Feal
D^a Rocio Aurora Bértoa Puente
D. Juan José Franco Casal
D^a María del Pilar Fornos Corral
D. Manuel Sánchez Martínez

Interviu como secretario:

D. Jesús Tallón García

Asiste a interventora:

D^a Marta Roca Naveira

Comprobado que se dá o quórum legalmente esixido declárase aberta a sesión polo Sr. alcalde, e procédese ó tratamento dos asuntos seguindo a orde do día:

1º Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia.

Polo sr. Alcalde faise uso da palabra para dicir que a urxencia do asunto débese á necesidade de desafectar parte dun préstamo para que exista crédito para cando sexan aprobados pola Deputación Provincial a execución dos plans pendentes.

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo municipal do B.N.G., Manuel Polo Gundín, quen sinala que máis que unha urxencia estase ante una necesidade, que é conseguir creto para os POS e PCP xa que o Concello non dispón de creto. O concelleiro prosegue dicindo que o Grupo municipal do B.N.G. comprométese con tódalas obras do Concello pero que a situación actual non é unha urxencia senón unha necesidade e que é urxente porque dende o goberno local non se fixo nada para traelo con anterioridade ó Pleno, xa que o Concello de Ares adoptou o acordo que afecta a este asunto no mes de marzo.

Procédese á votación da urxencia co resultado de que, en votación ordinaria, por unanimidade dos membros do Pleno acórdase a urxencia do asunto.

2º Desafectación parcial do préstamo núm. 95/45849472 concertado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros.

Logo de ver o ditame da Comisión informativa de facenda e promoción económica de data de 10 de maio de 2010 favorable a que o Pleno acorde:

“PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo 95-45849477 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros no exercicio 2008:

- Novas inversións a dotar:
Nº

<u>Proxecto</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe (€)</u>
8g	PCP 2007: muro de contención do camiño das Chancas	64.403,71
TOTAL-----		64.403,71

- Inversións substituídas polas anteriores:

<u>Denominación</u>	<u>Importe (€)</u>
Transferencia concello de Ares	64.403,71

TOTAL-----64.403,71

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.”

Logo de ver a proposta da Alcaldía de 6 de maio de 2010 que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Sendo necesaria a execución da inversións incluídas no Plan de cooperación provincial (PCP) 2007 , en concreto a obra relativa á “Construcción de muro de contención no Camiño das Chancas” por un importe total de 291.319,72 euros, as cales están financiados parcialmente pola Deputación Provincial, debendo ser financiados os restantes con cargo a recursos municipais por un importe total de 141.154,29 euros.

Posto de manifesto segundo a documentación que obra no expediente que os gastos estimados inicialmente que habería de sufragar o Concello de Fene en relación co expediente de expropiación no proxecto de “Actuación de saneamento na zona norte da Ría de Ares e na zona sur da Ría de Ferrol, Ares, Fene e Mugaridos” segundo o anteproyecto aprobado definitivamente o seis de novembro de 2007 polo Presidente da Empresa Pública de Obras e Servicios Hidráulicos da Consellería de Medio Ambiente e DEsenvolvemento Sostible” en virtude do convenio asinado cos concellos de Ares e Mugaridos no ano 2007 resultan notablemente inferiores, resultando como consecuencia da modificación do proxecto nun total de 202.992,20 €, dos cales o 50% será sufragado polo noso concello, así como o 50% dos gastos derivados da adquisición por compraventa de fincas (20.142,00 €) e contrato de servicios asinado coa empresa Proyfe, SL (19.739,72 €), e tendo en conta que o mantemento duns préstamos non utilizados, coa conseguinte carga financeira que estes comportan, constitúe unha situación totalmente antieconómica.

Visto que unha vía de utilización dos devanditos sobrantes constitúe unha modificación de crédito consistente ben nun crédito extraordinario ben nun suplemento de crédito.

Esta Alcaldía, co obxeto de proceder a unha aplicación parcial de ditos excesos de financiación propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo 95-45849477 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros no exercicio 2008:

- Novas inversións a dotar:
Nº

Proxecto	Denominación	Importe (€)
8g	PCP 2007: muro de contención do camiño das Chancas	64.403,71

		TOTAL-----64.403,71

- Inversións substituídas polas anteriores:

Denominación	Importe (€)	
Transferencia concello de Ares	64.403,71	

		TOTAL-----64.403,71

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

En Fene, a 6 de maio de 2010

O ALCALDE

Asdo.:Iván Puentes Rivera”

Logo de ver o informe de Intervención de 6 de maio de 2010 que copiado literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: EXPEDENTE 1/2010 DE MODIFICACIÓN DE FINALIDADES DO PRÉSTAMO NÚMERO 95/45849477 FORMALIZADO CO BANCO DE CREDITO LOCAL.

Remitido para a súa fiscalización expediente de cambio de finalidades do préstamo número 95/45849477 formalizado co Banco de Crédito Local por importe global de 399.000,00 euros, esta Intervención, ó abeiro do establecido nos artigos 48 e seguintes do TRLRFL emite o seguinte INFORME DE FISCALIZACIÓN:

Normativa de aplicación.-

- RDL 2/2004, de 5 de marzo, texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Lei 7/85, de 2 de Abril, Reguladora de Bases de Réximen Local
- RD 500/1990, Regulamento orzamentario
- Instrucción de Contabilidade da Administración Local
- Bases de Execución do orzamento 2008-prorrogado

Viabilidade da modificación.-

- Dos datos extraídos da información contable, coincidente co informe emitido previamente por esta Intervención con data de 06/05/2010, e dacordo coa documentación facilitada polo concello de Ares se deduce a existencia de excesos de financiación por importe de 64.403,71 € procedentes da operación de préstamo obxecto do presente expediente de modificación de finalidades. As obras e inversións a que se refire o presente expediente non están finalizadas, non obstante o anterior, tendo en conta que con data de 30/03/2010 o Pleno do Concello de Ares aprobou unha modificación do proxecto constructivo de “Actuacións de Saneamento na zona Norte da Ría de Ares e na Zona Sur da Ría de Ferrol” modificación que implica unha alteración dos bens e dereitos afectados pola expropiación que se cuantifican finalmente nun total de 202.992,20 €, dos cales un 50% lle corresponderá ser financiado polo noso concello, así como o 50% dos gastos derivados da escritura de compraventa de fincas e 50% do contrato de servicios asinado con Proyfe, SL, resultaría que existe un sobranse no crédito concertado para esa finalidade por un importe total de 399.000,00 € co Banco de Crédito Local.
- Indicar que, asimesmo, os préstamos son ingresos afectados a gastos de inversións, carácter afectado que se cumpre co presente expediente.
- Dado que a finalidade do préstamo concertado co Banco de Crédito Local fora obxecto de determinación plenaria a través da aprobación do Anexo de Inversións que acompañaba como documentación complementaria ó orzamento do exercicio 2008, o cambio no seu destino ten que ser á súa vez aprobado polo Pleno Corporativo.

Repercusións económicas e orzamentarias.-

- Á data actual o préstamo atópase contabilizado nunha conta orzamentaria.
- A aplicación do préstamo á realización de inversións non previstas inicialmente podería realizarse (Consulta 5/94 da IGAE):
 - Limitándose a identificar entre os gastos previstos, os que vaian a financiarse co ingreso afectado (non supón modificación orzamentaria). Esta medida resulta especialmente aconsellable polo que supón de aforro orzamentario.
 - Incrementar os créditos por operacións de capital, como máximo ata o importe do devandito ingreso, mediante a pertinente modificación orzamentaria
- Coa presente modificación, que acompaña ó expediente de suplemento de crédito nº 02/2010, se opta pola segunda opción, o que orixina unha modificación tanto no orzamento de gastos como no de ingresos.

Recomendacións e conclusións .-

A modificación de finalidades se estima conforme a dereito por canto se adopta polo mesmo órgano que se pronunciou inicialmente sobre o seu destino.

O destino a gastos non previstos no orzamento esixe unha modificación orzamentaria (modificación no orzamento de gastos, e modificación no orzamento de ingresos, financiada ésta última con baixa por anulación que financian un suplemento de crédito).

Éste é o meu informe o que someto a outro mellor fundado en dereito, en Fene a 6 de maio de 2010.

A INTERVENTORA

Asdo.: Marta Roca Naveira”

Ábrese o debate e concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo municipal do B.N.G. faise uso da palabra para dicir que, ao igual que votaron a favor da urxencia, votan a favor da obra das Chancas que foi promovida polo B.N.G. e que xa a finais do 2009 existía coñecemento no Concello de Ares e Mugardos de que as instalacións da depuradora discorrerían polos terreos da Deputación ou municipais o que suporía a redución da contía das expropiacións e polo tanto das necesidades orzamentarias do Concello. Prosegue dicindo que cunha xestión áxil este asunto sería tratado xa na anterior sesión plenaria e que na sesión do pleno de abril se pediu a comparecencia do concelleiro de obras para tratar este asunto, que existe una despreocupación total polo goberno, que o acordo proposto é unha necesidade do Concello e que espera o seu Grupo que a 30 de xuño estea adxudicado.

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo municipal do P.P., Gumersindo Pedro Galego Feal que di que o seu Grupo está a favor da modificación e critica a diferenza existente nos cálculos realizados.

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo mixto municipal, quen sinala que na comisión informativa votou a favor e que agora tamén e que entende a urxencia e a necesidade do acordo.

Polo alcalde faise uso da palabra para dicir que os cálculos iniciais da expropiación fixaron os custes nun millón de euros porque o proxecto implicaba a expropiación de decenas de fincas no litoral, que a día de hoxe reduciuse o número de expropiacións necesarias e que os cálculos, tanto os iniciais como os actuais, foron feitos pola Xunta de Galicia e que non ten dúbidas dos mesmos. Di o alcalde que a documentación que permitiu traer este asunto ó Pleno achegouse do Concello de Ares e que por parte da Xunta de Galicia non se indicou nada e que o Concello de Ares tiña delegada a facultade expropiatoria. Prosegue dicindo en relación co proxecto do Muro das Changas que o goberno municipal no seu día remitiu un proxecto de 153.000 euros e que o actual goberno tivo que facer un estudo xeotécnico que demostrou que non era viable o primeiro dos proxectos e que o novo proxecto duplicou a

contía prevista polo anterior goberno municipal. Di o alcalde que as razón do retraso do conxunto das obras coñécense perfectamente e que fora o contido dos informes xurídicos os que supuxeron a negativa da Deputación ó financiamento destas obras e que o goberno xestionou coa Deputación que non se perderan esos fondos e se puideran executar as obras, co apoio de tódolos grupos. Conclúe dicindo que o seu Grupo vai votar a favor do acordo.

Concédeselle a palabra ó voceiro do Grupo municipal do B.N.G., que fai uso dela para dicir que ao Concello de Ares delegóuselle a facultade expropiatoria dos terreos e o Concello de Ares comunicou ordinariamente ó Concello a documentación relativa os novos datos da expropiación sen coñecemento ningún por parte do Concello de Fene, que se improvisou, que o que ocorreu é que existe una xestión óptima dos servizos económicos do Concello que detectaron a existencia dunha anomalía nun creto, que o B.N.G. apoia a desafectación pero quere deixar constancia de que se goberna por casualidade, que é preciso ser máis rigoroso, que é certo que o proxecto se modificou pero tamén é certo que transcorriron tres anos e que o novo proxecto non foi obxecto de licitación e que hai un mes que o POS podía estar en marcha.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que o acordo do Concello de Ares ó que se refire o voceiro do Grupo municipal do B.N.G. atópase no Concello porque el mesmo fixo as xestións chamando ó secretario do Concello de Ares e ao seu alcalde.

Polo voceiro do Grupo municipal do P.P. faise uso da palabra para dicir que teñen constancia que dende o Concello non se preocuparon de como se atopaban as expropiacións e que é increíble que se estea a buscar orzamento do ano 2007 e pregunta que ocorrería se non se puidera utilizar esta vía de financiamento.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que para o caso de que esta fonte de financiamento non se puidera usar acodería ao remanete líquido de tesourería.

O voceiro do Grupo municipal do B.N.G. fai uso da palabra para dicir que discrepa de novo co manifestado.

Procédese á votación do asunto co resultado de que, en votación ordinaria e por unanimidade dos Concelleiros presentes o Pleno acorda:

PRIMEIRO: aprobar a seguinte modificación de finalidades do préstamo 95-45849477 formalizado co Banco de Crédito Local por importe de 399.000,00 euros no exercicio 2008:

- **Novas inversións a dotar:**
Nº

<u>Proxecto</u>	<u>Denominación</u>
<u>Importe (€)</u>	

8g PCP 2007: muro de contención do camiño das Chancas
64.403,71

TOTAL-----64.403,71

- Inversións substituídas polas anteriores:

<u>Denominación</u>	
<u>Importe (€)</u>	
Transferencia concello de Ares	64.403,71
TOTAL-----64.403,71	

SEGUNDO: Dar traslado á Intervención, Tesourería municipais.

3º Expediente de suplemento de crédito 2/2010

Pola Alcaldía dáse conta do ditame da Comisión informativa de facenda e promoción económica de data de 10 de maio de 2010 favorable a que o pleno acorde:

“1º. Aproba-lo expediente nº 2/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 64.403,71 € conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTO,EXPTE SC 1/2010	AUMENTO	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				
453/609.00	Muro de contención do camiño Chancas	150.165,43	76.750,58	64.403,71	291.319,72

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 64.403,71 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
161/762.00	Transferencia Concello de Ares, expte. Expropiatorio	399.000,00	64.403,71	334.596,29

En todo caso, a aprobación deste expediente quedará condicionada á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2008 por importe de 399.000,00 €

Logo de ver a proposta da Alcaldía de 6 de maio de 2010 que copiada literalmente di:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

A Alcaldía propón á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de suplemento de crédito, e se propoña ó concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS:

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Vistos os informes e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó dictame desta Comisión a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO:

1º. Aproba-lo expediente nº 2/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 64.403,71 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTO, EXPTE SC 1/2010	AUMENTO	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				

453/609.00	Muro de contención do camiño Chancas	150.165,43	76.750,58	64.403,71	291.319,72
------------	--------------------------------------	------------	-----------	-----------	------------

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 64.403,71 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
161/762.00	Transferencia Concello de Ares, expte. Expropiatorio	399.000,00	64.403,71	334.596,29

En todo caso, a aprobación deste expediente quedará condicionada á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2008 por importe de 399.000,00 €.

2º.- Financia-lo expediente nº 2/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 64.403,71 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

Fene, a 6 de maio de 2010

O ALCALDE.

ASdo: Iván Puentes Rivera.”

Logo de ver o informe de Intervención de 6 de maio de 2010 que copiado literalmente di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: INFORME SOBRE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA VINCULADO AO EXPEDIENTE NÚM. 2/2010 DE SUPLEMENTO DE CREDITOS.

Remitido o expediente de suplemento de crédito tramitado co núm. SC2/2010, en cumprimento do artigo 16.2 do Regulamento da Lei de estabilidade orzamentaria, esta Intervención emite o seguinte **INFORME**:

1.- Normativa de aplicación.

- ⇒ Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da lei de facendas locais (TRLFL).
- ⇒ Real decreto legislativo 2/2007, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria (LEO).
- ⇒ Real decreto 1463/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais (RLEO).
- ⇒ Acordo do Goberno polo que se fixa o obxectivo de estabilidade orzamentaria do conxunto do sector público e de cada un dos grupos de axentes que o integran para o período 2008-2010 (BOCG Senado de 18 de xuño de 2007).

2.- Cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

O principio de estabilidade orzamentaria defínese no artigo 19.3 da LEO coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento dacordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

O obxectivo de estabilidade orzamentaria será proposto polo Ministerio de Economía e Facenda e, previo informe da Comisión Nacional de Administración Local, aprobado polo Goberno. Segundo o acordo publicado o 18 de xuño de 2007 no BOCG, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as entidades locais diferentes ás sinaladas no artigo 111 do TRLFL (entre as que se atopa o Concello de Fene), durante o trienio 2008-2010, identifícase co “déficit cero” (0% do PIB nacional).

As entidades locais deberán aprobar, executar e liquidar os seus orzamentos axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria, antes definido. A avaliación deste cumprimento corresponderalle á Intervención local (segundo o artigo 16 do Regulamento de estabilidade orzamentaria). O informe emitirase, de xeito independente, incorporándose aos emitidos con ocasión da aprobación, modificación ou liquidación do orzamento. O Regulamento só se refire aos informes previstos nos artigos 168.4 (aprobación), 177.2 (créditos extraordinarios e suplementos de crédito) e o 191.3 (liquidación) do TRLFL, polo que neste caso é necesario emitir informe específico.

O orzamento en vigor durante o exercicio 2010, orzamento do exercicio 2008, prorrogado aprobouse cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria (superávit de 0,00 €).

Por outra banda, a liquidación do orzamento do exercicio 2008 arroxou unha necesidade de financiación de 228.377,05 euros., sen que a esta data conste a esta Intervención que se adoptaran as medidas que esixe a normativa vixente (plan económico financeiro).

Finalmente, da liquidación do orzamento do exercicio 2009 resultou un déficit inferior (4,99%) ó máximo autorizado (5,17%) segundo a Circular De la Dirección General de

Coordinación Financiera con las Comunidades Autónomas y con las Entidades Locales, del Ministerio de Economía y Hacienda pola que se comunica ás entidades locais o acordo da Comisión Nacional de Administración Local relativo á aplicación flexible da normativa de estabilidade orzamentaria na liquidación do exercicio 2009, polo que, segundo esto, se cumpriría o obxectivo de estabilidade na liquidación do exercicio 2009.

A normativa vixente sobre estabilidade orzamentaria esixe a corrección desta magnitude de conformidade cos criterios do SEC (Sistema Europeo de Cuentas). Non obstante, esta Intervención considera de imposible aplicación os axustes do SEC neste momento, pois o SEC é unha normativa que apoia tódolos seus datos e magnitudes (dereitos recadados, gastos devengados, variacións de saldos, etc.) en sucesos consumados de imposible determinación no momento de aprobación das modificacións orzamentarias. Polo tanto, e sen perxucio doutras posteriores interpretacións e instrucións que se poidan dictar dende a Intervención Xeral da Administración do Estado, a valoración do principio de estabilidade orzamentaria debe de entenderse efectuando unha comparativa entre os capítulos VIII e IX de ingresos cos capítulos VIII e IX de gastos. Así se desprende das definicións de capacidade/necesidade de financiamento contidas no SEC 95, que diferencian a Conta de Capital da Conta Financeira, rexistrando a primeira delas a variación de activos non financeiros e a segunda as variacións dos activos e dos pasivos financeiros. Pois ben, o SEC 95 define o saldo da Conta Financeira (adquisición neta de activos financeiros menos contracción neta de pasivos financeiros), como a capacidade/necesidade de financiamento.

Tendo en conta o anterior, a modificación que agora se propón afectaría, en principio, ós capítulos que son obxeto de cálculo para a determinación da capacidade/necesidade de financiamento, resultando os seguintes datos:

INGRESOS			GASTOS		
Cap	Denominación	Previsión inicial/MPI/previsión definitiva	Cap	Denominación	Créditos iniciais/MC/Créditos definitivos
8	Activos Financieros	60000,00/0,00/60.000,00	8	Activos Financieros	60.000,00/0,00/60.000
9	Pasivos Financieros	399.000,00/0.00/399.000,00	9	Pasivos Financieros	399.000,00/0.00/399.000,00
Variac. activos financieros (cap 8G- cap 8I) = - 0.00			Variac. pasivos financieros (cap 9I –cap 9G)=0.00		
Capacidade/necesidade de financiamento(variación activos–variación pasivos): 0.00					

O artigo 15 REO establece no seu apartado primeiro que “Se entenderá cumprido el objetivo de estabilidad cuando los presupuestos iniciales o, en su caso los modificados, y las liquidaciones presupuestarias (...) alcancen, (...) el objetivo individual establecido para cada una de las entidades locales a las que se refiere el artículo 5 (...), sin perjuicio de lo dispuesto, en su caso, en los planes económico-financieros aprobados y en vigor.

Lo indicado en el párrafo anterior será igualmente aplicable a los supuestos en los que, (...) se considere prorrogado el presupuesto del ejercicio inmediatamente en vigor.

Por outra parte, o artigo 16.2 REO regula a avaliación por parte da intervención local do cumprimento do obxectivo de estabilidade:

“En las restantes entidades locales, la Intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad de la propia entidad local y de sus organismos y entidades dependientes.

El informe se emitirá con carácter independiente y se incorporará a los previstos en los artículos 168.4, 177.2 y 191.3 del texto refundido de la Ley reguladora de las haciendas Locales, referidos, respectivamente, a la aprobación del presupuesto general, a sus modificaciones y a su liquidación.

El interventor local detallará en su informe los cálculos efectuados y los ajustes practicados sobre la base de los datos de los capítulos 1 a 9 de los estados de gastos e ingresos presupuestarios, en términos de Contabilidad Nacional, según el Sistema Europeo de Cuentas Nacionales y Regionales. (...)

Cuando el resultado de la evaluación se de incumplimiento, la entidad local remitirá el informe correspondiente a la Dirección General de Coordinación Financiera con Entidades Locales o al órgano competente de la comunidad autónoma que ejerza la tutela financiera, en el plazo máximo de 15 días hábiles, contados desde el conocimiento del Pleno.”

Indícase que visto os preceptos expostos, extráense as seguintes conclusións:

- O cumprimento da estabilidade orzamentaria debe verificarse nas distintas fases orzamentarias, incluíndo as modificacións orzamentarias.
- No caso concreto dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito (artigo 177 TRLFL ao que se refire o artigo 177.2 REO) deberán emitirse informes independentes, que se elevarán ao Pleno na súa tramitación.
- En conclusión, o control sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria deberá realizarse por parte da intervención local, no expediente, que é o presente.

3.- Conclusións.

A presente modificación, a xuízo da que suscribe, non afecta ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Non obstante o anterior, debe recordarse a necesidade de proceder á aprobación dun plan económico financeiro en tanto que da liquidación do exercicio 2008 resultou unha necesidade de financiación de 228.377,05 euros tal e como se manifestou no informe da Intervención de 23 de marzo de 2009, cuestión que, a xuízo da que suscribe, podería afectar á autorización do órgano tutelar da Xunta de Galicia no caso de previsión da concertación dunha nova operación crediticia.

En cumprimento do párrafo 1º do artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria para as entidades locais, débese dar traslado deste informe ao Pleno.

Fene, 6 de maio de 2010.

A interventora,
Asdo.- Marta Roca Naveira”

2º.- Financia-lo expediente nº 2/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 64.403,71 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.”

Concédeselle a palabra o voceiro do Grupo municipal do B.N.G. que di que quere que sexa suplementado o creto para a realización da obra, pero que en pleno mes de abril se dixo que se ían a adxudicar e non se sabía onde se ía atopar o financiamento e que é un problema de soidade no seu partido, xa que o alcalde non fala nin co alcalde de Ares, nin co Presidente da Deputación e que por iso non é capaz de xestionar.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que el mantivo que o creto existiría pero que outra cousa e determinar o lugar de onde sacar os recursos, que sobre as súas relacións persoais está encantado que o voceiro do Grupo municipal do B.N.G. se preocupe e que é o voceiro do Grupo municipal do B.N.G. o que se ten que preocupar das súas propias no seu partido, que nin a súa relación co presidente da Deputación Provincial nin co alcalde de Ares é mala, que a colaboración coa Deputación Provincial da Coruña está sendo bastante efectiva e produtiva e que se está gardado o creto para as obras do POS e do PCP doutros anos é por una decisión da Deputación Provincial da Coruña.

Polo voceiro do Grupo municipal do B.N.G. faise uso da palabra para dicir que o alcalde lle dixera que o financiamento desta obra se ía realizar por medio do remanente líquido de tesourería.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que existen dúas vías de financiamento, o creto e o remanente líquido de tesourería e que nun primeiro momento vírase a posibilidade de usar o remanente líquido de tesourería pero modificouse logo de ver esta posibilidade.

Abandona a sesión a concelleira Rocío Aurora Bértoa Puente.

Polo voceiro do Grupo municipal do B.N.G. faise uso da palabra para dicir que o alcalde di que na sesión plenaria anterior se dixo unha cousa e que agora se adopta outra e insiste en que o alcalde non se enterou da documentación aportada polo Concello de Ares.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que non só se enterou da existencia da documentación senón que a entrada no rexistro do Concello de Fene non se fixo directamente polo Concello de Ares, senón que foi feita polo alcalde de Fene.

Rematado o debate procédese á votación do asunto co resultado de que, en votación ordinaria e por dezaseis votos a favor (de tódolos concelleiros presentes na sesión) o Pleno acorda:

1º. Aproba-lo expediente nº 2/2010 de Suplemento de Créditos por un importe global de 64.403,71 €, conforme ó seguinte detalle:

-Aplicacións orzamentarias suplementadas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	AUMENTO,EXPTE SC 1/2010	AUMENTO	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION				
453/609.00	Muro de contención do camiño Chancas	150.165,43	76.750,58	64.403,71	291.319,72

-Financiación: baixas por anulación de créditos por importe de 64.403,71 euros procedentes das seguintes partidas:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA		CONSIGNACION ANTERIOR	DISMINUCION	CREDITO DEFINITIVO
CODIGO	DENOMINACION			
161/762.00	Transferencia Concello de Ares, expte. Expropiatorio	399.000,00	64.403,71	334.596,29

En todo caso, a aprobación deste expediente quedará condicionada á adopción do acordo polo Pleno da Corporación de cambio de finalidade do crédito concertado co Banco de Crédito Local no exercicio 2008 por importe de 399.000,00 €

2º.- Financia-lo expediente nº 2/2010 de suplementos de créditos mediante o baixas por anulación de créditos por importe total de 64.403,71 euros.

3º.-De conformidade co establecido no artigo 177.2 do RDL2/2004, en relación co artigo 169 do mesmo texto legal, proceder á exposición pública do apartado 1 do presente acordo por quince días hábiles, mediante inserción de anuncio no BOP e no Taboleiro de edictos deste Concello.

4º.-O expediente entenderase definitivamente aprobado, e unha vez publicado, no caso de que durante o referido periodo de exposición pública non se presenten reclamacións.

E non tendo máis asuntos que tratar levantouse a sesión polo Sr. alcalde sendo as 10:55 horas da data indicada na cabeceira, do que dou fe e extendo a presente acta.

V. P.

O alcalde

O secretario

Iván Puentes Rivera

Jesús Tallón García